CURTAS DE EDUCACIÓN EN VALORES:

-https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/cortometrajes-educar-en-valores/

CONTOS ONLINE:

- Mulleres importantes: https://www.pandoramirabilia.net/un-cuento-propio/
- Respira: https://www.youtube.com/watch?v=ibJFHBTWBDA
- Vacío: https://www.youtube.com/watch?v=bBVF3iZsyL4

HÁBITOS SAUDABLES:

https://www.fundacionmapfre.org/documentacion/publico/i18n/catalogo_imagenes/imagen.do?path=1077834&posicion=7

-https://www.fundacionmapfre.org/fundacion/es_es/educa-tu-mundo/material-educativo/videos-sobre-actividad-fisica.jsp

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:

- https://www.fundacionmapfre.org/fundacion/es_es/images/competencias-cuaderno-alumno_tcm1069-421418.pdf
- https://www.fundacionmapfre.org/fundacion/es_es/images/cuaderno-alumno-pensamiento_tcm1069-421434.pdf
- https://www.fundacionmapfre.org/fundacion/es_es/images/creatividad-cuaderno-alumno_tcm1069-421413.pdf

EDUCACIÓN EMOCIONAL

http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/recursosdigitales/tag/emociones/page/2/

-http://www.auladeelena.com/2017/05/desde-dentro-cuadernos-de-educacion-emocional-y-valores.html

-Frasco da calma: http://www.auladeelena.com/2016/10/frasco-de-la-calma.html

-https://www.dropbox.com/s/oxf6wxroovkhmaf/PEDE%20alumnos%20casa.pdf?dl=0

ECOLOXÍA:

- Revista Gallipata: https://www.ecologistasenaccion.org/gallipata/
- http://www.lineaverdesierraguadarrama.com/recursos-educacion-ambiental.asp

PÁXINAS DE RECURSOS EN GALICIA

**http://xuventude.xunta.es/**

CONCELLO DE CARRAL

**LIBROS EDUCACIÓN EN VALORES E ED. EMOCIONAL**

EDUCACIÓN EMOCIONAL, MINDFULNESS E IOGA:

- Arribas, V: Yoga y meditación para niños. Editorial Oberon
- Clarke, C.: Imaginaciones. Historias para relajarse y meditaciones divertidas para niños. Editorial Bambino Yoga
- Crahay, A.: Bo día Acougo. TAMBRE
- Eduyoga: xogo de cartas para aprender ioga.
- Guber, T e Kalish, L.: Juegos Yoga: 50 actividades de yoga para niños y adultos. Gaia
- Isern, S: El emocionómetro del inspector Drilo. Nube OCHO
- Llenas, A.: Laberinto del Alma. Crossbooks
- Manzano, E. e Gutiérrez M.: Recetas de lluvia y azúcar. Ed Thule
- Nuñez, C: El arte de emocionarte. Nube de Tinta
- Pack “El cojín de Martina Repentina”. DIAZ, L. NANIERO EDICIONES.
- Punset: colección de libros "Los atrevidos". Editorial Beascoa
- Romero Miralles: El libro rojo de las niñas. Editorial OB STABE. (menstruación)
- Rovira, A.: Cuentros para querernos mejor. Editorial Destino
- A caixa máxica da Calma: https://www.hippykidsyoga.com/product-page/caja-m%C3%A1gica-de-la-calma

ECOLOXISMO

- Revista Pantera
- Cómic: Miralles, A. e Ruiz, E.: Waluk. Astiberi
- Gómez, R.: Ojo de Nube. El barco de vapor
- Ivotsson, E.: Maia se va al Amazonas. Ediciones Salamandra

**VÍDEOS RELAXACIÓN, MEDITACION E ATENCIÓN PLENA**

**-Canal Ioga: vídeos Eline Snel libro Tranquilos y atentos como una rana**
**https://www.youtube.com/channel/UC8m4ehVIJWKwJgK5ZfUxgkg/featured**

**- Canal La Ranita:**
**https://www.youtube.com/watch?v=p-UMZmA80ME**

**- El juego de las esponjas: https://www.youtube.com/watch?v=OMZt5aB-mb8**

**- Meditación de la tranquilidad: https://www.youtube.com/watch?v=6z6IpP4c4EY**

Naiara González Fontenla
Educadora Social Programa Educando en Valores
Departamento de Servizos Sociais
educandoenvaloresescarral@gmail.com

## CONTO: O ANEL DO REI

Conta a lenda, que un rei pediu aos sabios da súa corte un anel especial:

- Estou a fabricar un precioso anel. Conseguín un dos mellores diamantes posibles. Quero gardar oculto dentro del algunha mensaxe que poida axudarme en momentos de desesperación total, e que axude aos meus herdeiros, e aos herdeiros dos meus herdeiros, para sempre. Ten que ser unha mensaxe pequena, de maneira que caiba debaixo do diamante.

Todas as persoas ás que consultou eran sabias, eruditas que escribiran grandes tratados, pero non sabían como darlle unha mensaxe de dúas ou tres palabras que puidese axudar ao rei neses momentos nos que consideraba que esa axuda podería marcar a diferenza. Pensaron, buscaron nos seus libros, pero non podían atopar nada.

O rei tiña unha anciá serventa que tamén fora serventa do seu pai. A nai do rei morreu pronto e esta serventa coidou del, por tanto, tratábaa coma se fóra da familia. O rei sentía un inmenso respecto pola anciá, de modo que tamén lle consultou a ela. E esta díxolle:

- Non son unha sabia, nin unha erudita, nin unha académica, pero coñezo a mensaxe. Durante a miña longa vida en palacio, atopeime con todo tipo de xente, e nunha ocasión atopeime cunha mística. Era convidada de teu pai e eu estiven ao seu servizo.

Cando marchaba, como xesto de agradecemento, deume esta mensaxe (a anciá escribiuno nun diminuto papel, dobrouno e deullo ao rei).

- Pero non o leas -díxolle- manteno escondido no anel.
- Ábreo só cando todo o demais fracase, cando non atopes saída á situación.

Ese momento non tardou en chegar. O país foi invadido e o rei perdeu o reino. Estaba a fuxir no seu cabalo para salvar a vida e os seus inimigos perseguíano. Estaba só e os perseguidores eran numerosos. Chegou a un lugar onde o camiño acabábase, non había saída: enfronte había un precipicio e un profundo val; caer por el sería o fin. E non podía volver porque o inimigo pecháballe o camiño. Xa podía escoitar o trotar dos cabalos. Non podía seguir cara adiante e non había ningún outro camiño.

De súpeto, acordouse do anel. Abriuno, sacou o papel e alí atopou unha pequena mensaxe tremendamente valioso. Simplemente dicía: “ ISTO, TAMÉN PASARÁ.”

Naiara González Fontenla
Educadora Social Programa Educando en Valores
Departamento de Servizos Sociais
educandoenvalorescarral@gmail.com

CONCELLO DE CARRAL

**CONTO: O ANEL DO REI**

Mentres lía estas palabras sentiu ou seu redor un gran silencio. Os inimigos que lle perseguían debían perderse no bosque, ou debían equivocarse de camiño, pero o certo é que aos poucos deixou de escoitar o trote dos cabalos.
O rei sentíase profundamente agradecido á serventa e á mística descoñecida. Aquelas palabras resultaran milagrosas. Dobrou o papel, volveu a poñelo no anel, reuniu aos seus exércitos e reconquistou o reino.
E o día que entraba de novo vitorioso na capital houbo unha gran celebración con música, bailes e comida. El sentíase moi orgulloso de si mesmo.
A anciá estaba ao seu lado na carroza e díxolle:
- Apreciado rei, aconséllolle ler novamente a mensaxe do anel.
- Que queres dicir? -preguntou o rei. Agora estou vitorioso, a xente celebra a miña volta. Non estou desesperado e non me atopo nunha situación sen saída.
- Esctoita- dixo a anciá- esta mensaxe non é só para situacións desesperadas. Tamén é para situacións pracenteiras. Non é só para cando estás derrotado; tamén é para cando te sentes vitorioso. Non é só para cando es o último; tamén é para cando es o primeiro.
O rei abriu o anel e leu a mensaxe: «isto tamén pasará», e novamente sentiu a mesma paz, o mesmo silencio, no medio do xentío que celebraba e bailaba, pero xa non era fachendoso. O rei puido terminar de comprender a mensaxe. O bo era tan cambiante coma o malo.
A anciá díxolle: Todas as situacións (agradables e desagradables) pasarán, xa sexa porque te habitúas a elas ou porque farán lugar para algo novo. Atoparás a paz se logras aceptalas todas como algo natural.

Este conto axúdanos a ver que todo nesta vida é temporal, así que, se as cousas van ben, gózaas porque non durarán para sempre.
E se as cousas van mal e non está na túa man cambialas, non sufras, non van durar para sempre. Mentres, o que podes cambiar é a forma en que as miras e as vives: miralas coas gafas da positividade!

Naiara González Fontenla
Educadora Social Programa Educando en Valores
Departamento de Servizos Sociais
educandoenvalorescarral@gmail.com

CONCELLO DE CARRAL